

Los hombres que no amaban a las mujeres Stieg Larsson

Harriet Vanger desapareceu hai 36 anos durante un carnaval de verán na illa sueca de Hedeby, propiedade practicamente exclusiva da poderosa familia Vanger. A pesar do despregue policial, non se achou rastro da rapaza de 16 anos. Escapou? Foi secuestrada? Asasinada? Ninguén o sabe, o caso está fechado, os detalles esquecidos. Pero hai quen sigue a recordar a Harriet, seu tío Henrik Vanger, un empresario retirado, xa no final da súa vida e que vive obsesionado con resolver o misterio antes de morrer. Vanger contrata a Mikael Blomkvist, xornalista de investigación e alma da revista Millennium, unha publicación dedicada a sacar á luz os trapos sucios do mundo da política e das finanzas. Así comeza unha novela que é a crónica da guerra interna dunha familia, un fresco fascinante do crime e do castigo, de perversións sexuais, de trampas financeiras, un entramado violento e ameazante entre o cal medra unha terra e fráxil historia de amor.

O club da calceta María Reimóndez



María Reimóndez fai en O club da calceta unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina. Presenta a seis mulleres moi diferentes entre si que acoden a clases de calceta. Alí converxen as súas frustracións, pero tamén é o lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superarlal. As protagonistas van facendo ás lectoras e lectores partícipes da súa historia desde un multiperspectivismo que desfai os fíos dunha sociedade machista. Desde a intriga, cun estilo áxil, que tira do ánimo de quen le de xeito entretido e mesmo producindo hilaridade, a autora de O club da calceta ofrécenos unha novela que, tras a sorpresa que causa, fai emerxer unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina.



Los girasoles ciegos Alberto Méndez

Este libro é o regreso ás historias reais da posguerra que contaron en voz baixa narradores que querían falar dos seus amigos, dos seus familiares desaparecidos. Son historias dos tempos do silencio, cando daba medo que alguén soubera que sabías. Catro historias, sutilmente engarzadas entre si, contadas desde a mesma linguaxe pero cos estilos propios de narradores distintos que van perfilando a verdadeira protagonista desta narración: a derrota. Un capitán do exército de Franco

que, o mesmo día da Vitoria, renuncia a gañar a guerra; un neno poeta que foxe asustado coa súa compañeira nena embarazada e vive unha historia vertixinosa de madurez e morte no breve prazo duns meses; un preso no cárcere de Porlier que se nega a vivir na impostura para que o verdugo poida ser cualificado de verdugo; por último, un diácono rixoso que enmascara a súa lascivia tras o fascismo apostólico que reclama o sangue purificador do vencido.



Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.^a Victoria Fernández de España n.º 2
15002 A Coruña
Tel.: 981 20 30 00
E-mail: jrabade@edu.xunta.es

Visita o blog da biblioteca:
<http://bibliozalaeta.blogaliza.org>

A web do Instituto é:
<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



A lenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal



Ler
no
Verán

Libros propostos pola
Biblioteca

Xuño de 2009



1.º e 2.º de ESO



O carteiro de Bagdad


Marcos S. Calveiro

Marcos S. Calveiro ofrécenos este engaiolante relato que resultou gañador do premio Ala Delta. A súa forza literaria mergúllanos nesta ocasión no Bagdad en guerra conseguindo retratar unha dura vida cotiá de supervivencia en que tamén hai lugar para a esperanza a través do valor e da suxestión que agochan as palabras. A ollada de Calveiro consegue retratar a vida cotiá dunha familia que, malia os múltiples atrancos, intenta manter os vínculos, a súa forma de vida, o seu sistema de crenzas, lembranzas e tradicións, o seu imaxinario, termado da vida e loitando por sobrevivir entre o medo e a angustia.

El enigma de Vermeer

Blue Balliett


Nada máis comezar o curso nun instituto para xoves especialmente intelixentes, dous rapaces de once anos, Calder e Petra, descubren ao chou nunha librería un volume asombroso. O achado desencadea unha serie de sucesos extraños y coincidencias sorprendentes, pero lo máis grave es la desaparición del valioso cuadro Mujer escribiendo, del pintor holandés Johannes Vermeer. Decididos a descubrir quién ha robado la obra, Calder y Petra se verán envueltos en un escándalo internacional en el mundo del arte, en el que nadie está libre de sospechas.



Veleno tinto

Ramón Carredano Cobas

Naquela mañá de inverno de 1319, Frei Samuel, o humilde monxe sandador do mosteiro de Toxosoutos, camiñaba cara a Noia cunha dor de freiras que case o facía chorar. No castelo de don Rui de Soga de Lobeira, agardábo o bispo Berenguel de Landoire coa intención de agradecerlle un impagable servizo que o freire lle ofrecera na súa loita contra os que pretendían apartalo do bispado de Compostela. Mais, a morte dun dos criados de don Rui, envelenado por beber dunha xerra de viño quente, obrigará ao picaro e intelixente freire a realizar unha concienciada investigación coa intención de coñecer o motivo e o autor de semellante crime. Veleno tinto é unha apaixonante novela de intriga, tecida sobre unha coidadosa reconstrución histórica da vida e das intrigas políticas da Galiza do século XIV, que supón, ademais, a consolidación do personaxe de frei Samuel, un dos máis singulares e divertidos da nosa narrativa actual.



La melancólica muerte del chico ostra

Tim Burton


Tim Burton é un bicho raro, o mellor dito, é un eterno neno raro, non hai máis que botarlle unha sucinta ollada á súa filmografía para confirmalo. É un deses contados cineastas contemporáneos que posúen un particular e inconfundíbel mundo visual e narrativo que podemos seguir, en maior o menor medida, en todas e cada unha das súas películas. A súa rareza é xenial, maravillosa. Este libríño miúdo é un curto e agradábel paseo visual e sentimental por ese universo seu, tan particular e alegremente escuro. Por eses poemiñas inocentes e esas ilustracións tenramente macabras, desfilan toda unha serie de nenos raros e solitarios, auténticos freaks vidos directamente do mundo de ensóño e pesadelo da mente de Burton.

3.º e 4.º de ESO

Chamando ás portas do ceo

Jordi Sierra i Fabra


Silvia, estudante de Medicina, marcha á India para traballar como cooperante durante o verán nun hospital situado nun perdido lugar do mundo. Ao facelo, enfróntase cos seus pais e co seu noivo, e toma así, seguindo o seu instinto e o seu corazón, unha decisión que cambiará a súa vida e a súa forma de pensar. Máis que unha novela que mestura o exotismo de dúas culturas, este é o retrato dunha xeración, dun mundo próximo e, á vez, distante, e da esperanza que todos temos en axudar para que sexa un pouco mellor.



Dos Velas para el Diablo

Laura Gallego

A autora da triloxía Memorias de Idhún cóntanos a historia da xove Cat, que en medio da Guerra Eterna entre anxo e demos, decide ir en busca dos asasinos de seu padre o anxo. O argumento dá un xiro de trescentos sesenta graos, cando Cat descobre de quen é filla. E o final deixaranos sen palabras. A escritora lánzanos un grito de esperanza e móstranos como persoas con ideas moi diferentes poden convivir en harmonía e aunar esforzos polo ben da humanidade. Tamén nos reflicte como a forza do amor pode cambiar a unha persoa.



Amar e outros verbos

Ana María Fernández

Amar e outros verbos recrea un universo de palabras e emocións. Unha voz poética, que trae o círculo da vida a través da experiencia cotiá e das sensacións que dela derivan. Con sinxeleza, sinceridade e sentimento este poemario é o compañeiro que precisamos para percorrer un camiño que, en ocasións, resulta demasiado complicado para andar en solitario. Galardoado co Premio Lazarillo de Creación Literaria 2001.

El viaje del elefante

José Saramago

A mediados do século XVI o rei Xoán III ofrece a seu primo, o arquiduque Maximiliano de Austria, un elefante asiático. Esta novela conta a viaxe épica dese elefante chamado Salomón que tivo que percorrer Europa por caprichos reais e absurdas estratexias. A viaxe do elefante non é un libro histórico, é unha combinación de feitos reais e inventados que nos fai sentir a realidade e a ficción como unha unidade indisolúbel, como algo propio da gran literatura. Unha reflexión sobre a humanidade en que o humor e a ironía, marcas da implacábel lucidez do autor, se unen á compaixón con que Saramago observa as fraquezas humanas. Escrita dez anos despois da concesión do Premio Nobel, El viaje del elefante móstranos un Saramago en todo o seu esplendor literario.



Bacharelato, Ciclos Formativos e adultos



A vida que nos mata

Xabier López López

A novela gañadora do García Barros 2003 é un apaixonante thriller, unha novela de trama policial protagonizada por un xomalista e concibida cunha vontade de estilo posta ao servizo da narración. Destaca pola súa capacidade para captar o interese do lector e pola extraordinaria recreación de ambientes e personaxes da época en que se desenvolve: a burguesía industrial, a bohemia literaria e os medios de comunicación durante a Segunda República. O autor tensa maxistralmente a corda do suspense nunha historia trepidante que acaba por fascinar os lectores. A novela de Xabier López López iníciase no balneario de Mondariz, onde se vai celebrar unha voda da alta sociedade da época. A partir dun dobre asasinato desátase unha cadea de acontecementos que han levar a Sebastián Faraldo, xomalista obeso e sentimental, a intentar clarear toda unha lea de intereses e paixóns ocultas por diferentes escenarios.